

Resolución do 11 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se traslada ao ámbito da Administración de xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia a Orde JUS/394/2020, do 8 de maio, pola que se aproba o Esquema de seguridade laboral e o Plan de desescalada para a Administración de xustiza ante a COVID-19.

O pasado 9 de maio o *Boletín Oficial del Estado* publicou a Orde JUS/394/2020, do 8 de maio, pola que se aproba o Esquema de seguridade laboral e o Plan de desescalada para a Administración de xustiza ante a COVID-19.

Esta orde dítase logo do Real decreto lei 16/2020, do 28 de abril, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da Administración de xustiza, e nela establécese tanto a adopción dun esquema de seguridade laboral coma tamén un plan de desescalada con diferentes fases, que se activarán en función das indicacións da autoridade sanitaria e que permitirán incrementar de xeito progresivo a prestación dos servizos esenciais na Administración de xustiza, ata poder contar na última fase co 100% do persoal nas súas respectivas sedes de maneira presencial e co 100% do servizo público de xustiza restablecido.

A orde ministerial publicada o pasado 9 de maio adóptase en virtude das funcións de coordinación da actividade profesional dos membros dos corpos de funcionarios regulados no libro VI da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, en todo o territorio do Estado, establecidas tanto no artigo primeiro da Orde SND/261/2020, do 19 de marzo, para a coordinación da actividade profesional dos membros dos corpos de funcionarios regulados no libro VI da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, durante a vixencia do estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, coma no seu artigo terceiro, que habilita o ministro de Xustiza para adoptar cantas disposicións sexan necesarias co fin de garantir unha aplicación homoxénea dos servizos esenciais para a salvagarda de dereitos e liberdades da cidadanía e mais das recomendacións establecidas polo Ministerio de Sanidade para a salvagarda da saúde pública.

O contido da referida Orde JUS/394/2020, así como os seus anexos, pódese consultar no *Boletín Oficial del Estado* número 129, do 9 de maio de 2020.



Por todo o dito, e en atención á mencionada Orde JUS/394/2020, nos órganos xudiciais e fiscais da Comunidade Autónoma de Galicia a fase 1 de desescalada a que se refire o seu anexo II rexeráse, con efectos do 12 de maio de 2020, polos seguintes criterios:

1. Presenza do persoal na primeira fase

Os xulgados e fiscalías en servizo de garda deberán contar con toda a dotación do persoal que preste o servizo de garda para atender debidamente o servizo.

O persoal destinado no Rexistro Civil deberá asistir na súa totalidade cando o letrado da Administración de xustiza responsable considere que é imprescindible para a correcta prestación do servizo.

O persoal adscrito ás gardas dos equipos técnicos de menores e os auxiliares de autopsia deberán seguir prestando os seus servizos ao 100%.

Nos demais órganos xudiciais e fiscais, e mais no Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga), e atendendo á natureza e necesidades dos mesmos, nesta primeira fase acudirá de forma presencial entre un 30 e un 40% dos efectivos que presten servizos en cada órgano ou servizo, de acordo coa táboa anexa á presente resolución.

A quenda de asistencia dos funcionarios do corpo de auxilio xudicial establecerase en función dos destinados en órganos do mesmo tipo en cada partido xudicial, sempre que exista máis dun de cada tipo. En caso contrario, deberán acudir un día de cada dous.

A cobertura dos postos de traballo en cada órgano realizarase mediante quendas rotatorias diarias entre os funcionarios de cada órgano, nas que preferentemente se atenderá ao criterio de voluntariedade. Na súa falla, os funcionarios das distintas quendas serán designados polos fiscais xefe, letrados da Administración de xustiza e directora do Imelga.

Cando o número de persoas que deba realizar a quenda non poida ser asignado dentro da porcentaxe establecida, a totalidade delas deberá asistir no prazo de tres días, mesmo que sexa en porcentaxes desiguais.

O persoal que non se atope prestando servizos presenciais estará á disposición da súa unidade funcional, para o que deberá estar dispoñible e plenamente localizable durante toda a xornada laboral.



2. Procedemento de revisión da presenza por razóns do servizo.

Os responsables funcionais dos órganos ou servizos (fiscais xefe, letrados da Administración de xustiza ou subdirectores do Imelga) poderán acordar así mesmo a presenza dunha porcentaxe de persoal superior á indicada cando estea xustificado por necesidades do servizo, sempre tras autorización previa da Dirección Xeral de Xustiza.

A solicitude para o efecto seralle comunicada á Dirección Xeral de Xustiza a través do responsable superior correspondente (secretaria de Goberno, fiscal superior ou directora do Imelga).

Non se poderá autorizar esta mellora cando sexa incompatible cos criterios de saúde laboral sobre ocupación dos espazos.

3. Exclusión formal de participación en quendas.

Non poderá ser chamado a formar parte das quendas:

- O persoal que teña recoñecidos permisos por patoloxías susceptibles de se agravaren por efecto da COVID-19, en tanto a autoridade competente non verifique en que condicións pode prestar servizo en situación de seguridade, e sempre que a Administración competente as garanta.

Por outra parte, ao persoal que, por ser grupo de risco, solicite ou solicitara o permiso por deber inescusable autorizaráselle o dito permiso de forma provisional ata recibir o informe do Servizo Prevención de Riscos Laborais, no cal se establecerán a natureza de especial sensibilidade da persoa traballadora e mais as medidas de prevención a adoptar.

- O persoal que teña recoñecidos permisos por razón de deber inescusable, sen prexuízo da súa preferencia para formar parte das quendas de tarde se ese horario se axusta ás súas necesidades e resulta procedente o seu establecemento excepcional. Durante a vixencia da fase I os respectivos servizos de persoal requiriranlles aos interesados a xustificación documental que acredite a concorrencia dos presupostos para a concesión dos ditos permisos e a imposibilidade de compatibilizar por completo o deber inescusable coa asistencia ao posto de traballo.

En todo caso, para a concesión do permiso por deber inescusable terase en conta o seguinte:



– Só se lle poderá conceder este permiso ao persoal funcionario que teña ao seu cargo menores de 14 anos ou maiores dependentes e se vexa afectado polo peche de centros educativos ou de maiores.

– Como xustificación para a súa concesión deberase achegar unha declaración responsable na que se indique que non hai outra persoa que se poida facer cargo do seu coidado. No caso de que ambos os dous proxenitores ou responsables dos menores ou maiores teñan a condición de empregados públicos, só un deles poderá facer uso deste permiso, debendo facer constar na declaración a dita circunstancia. Deberá presentarse así mesmo xustificación acreditativa da idade do menor, e no caso de menores dependentes maiores de 13 anos e de maiores de idade dependentes, deberá acreditarse a dependencia e/ou convivencia.

4. Realización de funcións mediante teletraballo.

O persoal que non deba prestar servizo nunha quenda concreta deberá realizar as súas funcións mediante teletraballo, sempre que o solicitara voluntariamente e se lle proporcionara un medio de acceso asegurado aos sistemas e aplicacións de xestión procesual desde os seus dispositivos persoais

5. Xornada diaria de traballo

Con carácter xeral, o horario será o ordinario de luns a venres, coas especialidades correspondentes ao servizo de garda e rexistro civil.

6. Entrada en vigor

A presente resolución entrará en vigor o 12 de maio de 2020.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2020

O director xeral de Xustiza

Juan José Martín Álvarez

